

DECRETO NÚMERO 14000117 do 09/01/2014

Excmo. Sr. Don JOSE CLEMENTE LOPEZ OROZCO.- Alcalde- Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

Polo Decreto de Alcaldía nº 13003254, do 08/04/2013, resolveuse convocar o proceso selectivo mediante o sistema de oposición, para o acceso en propiedade a **unha praza de Arquivoiro/a**, pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre.

Visto o recurso contencioso-administrativo nº 135/2013, en trámite no Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Lugo, interposto por dona Mª Jesús Saavedra Carballido, contra o Decreto nº 13003254, do 8 de abril de 2013.

Esta Alcaldía, en uso das atribucións conferidas polos artigos 124 e 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local nº 16/388, do 29 de maio de 2013, e do Decreto número 13008312, do 30 de agosto de 2013, **RESOLVE:**

Primeiro.- A suspensión do proceso selectivo convocado por este Concello polo Decreto de Alcaldía nº 13003254, do 08/04/2013 para o acceso en propiedade a unha praza de Arquivoiro/a, pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre, en tanto non se produza a resolución do recurso contencioso-administrativo nº 135/2013 interposto por dona Mª Jesús Saavedra Carballido, contra o Decreto nº 13003254, do 8 de abril de 2013.

Segundo.- Que se dea traslado do disposto ó Boletín Oficial da Provincia de Lugo e Taboeiro de Anuncios municipal, con indicación de que esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da súa notificación, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo ou, á elección do interesado, ante o da circunscrición onde teña o seu domicilio. Malia o anterior, e con carácter previo e potestativo, poderá interpoñer recurso de reposición, no prazo de UN MES, contado dende o seguinte á notificación da presente resolución, sen prexuízo de que vostede interpoña calquer outro recurso que estime procedente en Dereito.

Cúmprase.